



A Consellería do medio rural ten a intención de modificar, cos fins que a continuación se expoñen, os seguintes decretos:

- Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal.
- Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

O Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, establece varios procedementos relacionados coas obrigacións de reinvestimento previstas no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

No que respecta ás comunicacións de reinvestimento, e tendo en conta as que se presentaron a partir da súa entrada en vigor, xúlgase necesario introducir algúns cambios con obxecto de facilitar a súa cumprimentación, especialmente no que se refire ás variacións das cotas de reinvestimento pendentes en cada ano. Tamén é oportuno regular o tratamento que se da ás subvencións cuxo destino son investimentos no monte.

A maiores, como consecuencia da auditoría de seguimento da certificación forestal PEFC da Xunta de Galicia realizada por Aenor en outubro de 2016 sobre a xestión forestal sustentable desenvolvida pola Administración forestal nos montes que xestiona, é necesario que a información de ingresos e reinvestimentos se desagregue para cada un deles.

Por outra banda, a cota mínima de reinvestimento pode reducirse conforme ao establecido no artigo 125.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, cando os investimentos obrigatorios no monte estean satisfeitos e logo da aprobación da Administración forestal. O procedemento a seguir para esta redución desenvólvese no artigo 2.3 do Decreto 23/2016, do 25 de febreiro. Se a comunidade veciñal presuposta as necesidades de reinvestimento que terá que afrontar nos próximos anos e estes son inferiores ás cantidades xeradas polos ingresos nunha porcentaxe inferior á requirida polo artigo 125.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, o razoable é que solicite a redución de cota de reinvestimentos á vez que presenta a comunicación da realización da totalidade ou da parte vista das actuacións incluídas no plan de investimentos para o ano anterior. É por iso que se pretende integrar a devandita solicitude de redución dentro da comunicación anual.



Un terceiro procedemento é a aprobación do plan de investimentos plurianual, cuxo obxecto é adecuar o calendario de vencemento das cotas de reinvestimento ao ritmo óptimo dos traballos a desenvolver. Debe incluírse neste novo decreto o formulario necesario para tramitar a solicitude.

E finalmente, mediante este decreto quérese realizar unha adaptación á entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De acordo co seu artigo 14.2, as comunidades de montes veciñais en man común, como entidades sen personalidade xurídica, están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Ademais, en aplicación do seu artigo 41.3, todas as notificacións da Xunta de Galicia que se realicen ás comunidades veciñais efectuaranse mediante notificación electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia. Esta obriga legal desenvólvese mediante unha modificación do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Para os efectos do artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se sustancia unha consulta pública para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.